

MEMORIA PLAMBE

PERALIÑO E O MEDIO NATURAL



**BIBLIOTECA
“ANTÓN CORTIZAS”
CEIP ISAAC PERAL**

CURSO 2020/2021

PERALIÑO E O MEDIO NATURAL

Ao final do curso pasado, debido ao parón das actividades lectivas presenciais pola pandemia, decidiuse realizar unha continuación do proxecto inacabado, propoñendo un plan interdisciplinar e integrador, cuxo eixe principal é a urxente necesidade de coidar a natureza e o noso planeta, a través dos ollos da mascota da biblioteca.

O obxectivo principal foi o seguinte:

COÑECER E RESPECTAR O MEDIO NATURAL.

A partir deste, xorden outros obxectivos máis específicos que se pretenden traballar ao longo do curso e que previamente organizáronse nos diferentes trimestres.

A base sobre a que traballar atópase na idea de coñecer a situación de medio natural, dos diferentes tipos de contaminación e das posibles actuacións para mellorar a situación, así como os hábitos básicos de respecto e coidado do medio natural, de xeito que aprendamos a valorar a súa importancia nas nosas vidas. Só desta maneira pódese traballar tamén o respecto e a valoración do medio natural e dos elementos que o compoñen. É fundamental traballar desde a escola o respecto, o coidado e a valoración do medio natural que forma parte do contorno máis próximo. Por iso, a través deste proxecto e todas as actividades que se van realizar preténdense fomentar unha educación en valores axeitada e democrática mentres o alumnado adquire as competencias necesarias.

En cursos anteriores, a actividade inicial celebrábase coma un momento especial de encontro no espazo físico da biblioteca, no que iniciábase nun proxecto a desenvolver ao longo de todo o curso. Este curso, dada a situación da pandemia, limitouse o uso da biblioteca, e dende o Equipo propuxemos realizar a actividade de presentación nas aulas. Coma o alumnado non podía ir a visitar a Peraliño, foi el a todas as aulas, acompañado dunha carta na que expón as súas inquiredanzas así coma unha presentación elaborada previamente. A finalidade foi introducir, motivar e concienciar aos nenos e nenas.

1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Na Programación Xeral Anual (PXA) para o curso 2020/2021 recóllense os obxectivos do Equipo da Biblioteca para dito curso. O proxecto que se planeou foi **“Peraliño e o medio natural”**, un proxecto interdisciplinar e integrador que abrangue a totalidade das áreas do currículo e pretende axudar no desenvolvemento de todas as competencias por parte do alumnado.

O obxectivo principal foi: **ANIMAR E FOMENTAR Á LECTURA A TRAVÉS DO COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL.**

A través de todas as actividades organizadas pretendeuse alcanzar este obxectivo potenciando a función da biblioteca coma un lugar imprescindible no centro, aínda que este curso non foi visitado tanto coma quixéramos dada a situación derivada da pandemia.

Ademais, o proxecto dividiuse en diferentes bloques pensados para levar a cabo trimestralmente, e cada un deles contaba cuns obxectivos propios e específicos coma os seguintes:

- **Primeiro bloque:** Identificar as situacións beneficiosas ou prexudiciais para o medio natural.
- **Segundo bloque:** Coidar o medio natural e analizar a problemática.
- **Terceiro bloque:** Investigar o ecosistema mariño e a súa contaminación.

2.- ACTIVIDADES DESENVOLTAS

Co fin de levar a cabo unha boa organización do centro e das actividades que nel se desenvolven, existen tres grupos dinamizadores que axudan na tarefa de programar as actividades: o equipo de convivencia, o equipo de dinamización da lingua galega e o equipo da biblioteca. Todos eles están formados por profesorado de cada ciclo e contan cunha coordinadora.

Para coordinarse da mellor maneira posible realízanse reunións periódicas nas que, dende o equipo de biblioteca, invítase a que as actividades teñan relación co proxecto a través da proposta de lecturas, aportando información demandada, facilitando a busca da mesma, entre outros.

Polo tanto, no presente apartado explicaranse algunhas das actividades propias da biblioteca e tamén mencionaranse aquelas outras que involucraron á biblioteca dalgunha forma e o equipo participara aportando materiais, propostas, etc.

▪ APERTURA DA BIBLIOTECA

Como xa sinalamos anteriormente, este curso, mudamos moitos dos costumes que adoitábamos levar a cabo dende a biblioteca, unha deles é a apertura da biblioteca e presentación do proxecto para este curso. Adoitabámolo facer na biblioteca, xuntándonos varios cursos, pero nesta ocasión resultou imposible. A apertura da biblioteca trasladouse as aulas.

Presentamos ao alumnado das dúas etapas, de Infantil e de Primaria, o proxecto que imos levar a cabo durante este curso, a través do cal preténdese que os nenos e nenas identifiquen os problemas de contaminación ambiental e busquen solución aos mesmos.

Para isto, Peraliño visitou todas as aulas, xunto cunha carta na que amosou a súa preocupación pola situación actual da natureza, ademais dunha presentación de imaxes coa que reflexionar sobre esta temática.



OLA A TODAS E TODOS,
Este curso, non podedes ir a biblioteca a visitarme, polo que irei eu a vervos ás aulas.
Quería contarvos que **ESTAN MÓI PREOCUPADO** pola situación do noso **planeta Terra**. Nas miñas viaxes comprobei que o mar está cheo de lixo, as praias con desperdicios, os bosques sucios e queimados, as selvas arrasadas... **os animais non teñen onde vivir tranquilos e felices!**

Confío en vós para que desde o colexio **investiguedes e busquedes posibles solucións.**

Ollade a **CAIXA** e comprobade todo o que atopei na contorna do colexio, que vos parece? gustavos?
COMECAMOS A TRABALLAR POLA TERRA!
Propoñemos o inicio deste cambio. Pechade esa caixa coa vontade de mudar esta terrible situación, e decorádeala rendido unha homenaxe á natureza.

Nos próximos días chegará unha **sorpresa** á vosa aula, para axudarvos nesta labor. Estade atentos!

Moitas grazas pola vosa implicación!
Quérevos moito,
Peraliño.

Por tanto, a apertura da biblioteca pretende ser unha celebración para que o alumnado volva a entrar en contacto con este espazo tan importante do centro, aínda que este curso dun xeito diferente, trasladando a biblioteca de centro ás aulas, repartindo a súa esencia por todos os recantos do noso centro, despertando neles as ganas de aprender e gozar na biblioteca.

▪ SAMAÍN E MAGOSTO

No primeiro trimestre celebráronse no centro algunhas festas cunha gran importancia de tradición da cultura galega, como é o Samaín e o Magosto. Aproveitáronse para traballar, entre outros aspectos: refráns, tralinguas, rimas, poemas, e outros textos en galego.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1758>

No ciclo de Educación Infantil, cada neno e nena creou o seu propio libro do Samaín.

▪ FELICITACIÓNS DE NADAL.

Nas aulas o alumnado elaborou diversidade de felicitacións de Nadal.



▪ ENCONTROS CON AUTORES

Presentación do libro de Antón Cortizas.

Este curso non se programaron actividades con autores, xa que a visita ao centro educativo está limitada. É unha mágoa que este curso non poidamos invitar aos escritores ao colexio, pero tivemos unha grata sorpresa.

Antón Cortizas, o padriño na nosa biblioteca publicou un novo libro. Enviounos algúns exemplares ao colexio xa que o noso alumnado participou na elaboración dalgunhas das súas adiviñas, toda unha honra!

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1825>

Fomos invitados á presentación do seu libro, e alí acudiu unha representación de alumnado e profesorado do noso centro. As fotos da presentación atópanse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=878>

▪ DÍA DA PAZ

O día 30 de xaneiro conmemorouse no centro o Día Escolar da Non Violencia e da Paz. Este curso fixemos diferentes actividades: pombas musicais, cadea de favores, máscaras da paz, pulseiras da paz, mandalas... Ademais en Educación Infantil reciclamos pola paz cun mural no que recollamos accións beneficiosas ou prexudiciais para a natureza.

Este curso non realizamos unha actividade conxunta de todo o centro, pero nas aulas centrámonos en traballar este valor fundamental para vivir nunha sociedade.

Poden ver as imaxes no enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1784>

A paz é un valor fundamental que debemos tratar nas aulas para que os nenos e nenas a incorporen ao seu sistema de valores, que está a formarse nestas idades. A paz enlázase outros valores como a tolerancia e o respecto, polo que esta celebración atópase moi relacionada co proxecto da biblioteca.

Ademais, a biblioteca é un banco de recursos estupendo para traballar os valores e conta cunha referencia de libros que permiten traballalos na aula.

▪ DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

O Día de Rosalía de Castro é unha celebración fixada para o 24 de febreiro de cada ano. A proposta constaba de varias actividades arredor da figura de Rosalía. Lectura, reprodución e recitado

de poemas de Rosalía de Castro. Autorretratos, marca páxinas e interpretación dos poemas a través de debuxos.

En cada aula traballamos a vida e obra da escritora galega. Para elo contamos con recursos presentes no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/796>

Aquí están algunhas imaxes de exemplo, pero poden consultarse na galería de fotos da páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/index.php?cat=215>

▪ **DÍA DO LIBRO**

O día 23 de abril conmemórase o Día do Libro, polo que é unha celebración de gran importancia para a nosa biblioteca.

O alumnado de 1º curso de E.P estivo a facer toda a semana unha serie de “retos lectores”, que nos serve de ferramenta para o fomento da lectura, así como para a mellora do proceso lectoescriptor. Ao rematar a semana recibiron un diploma por parte das titoras conforme superaron os retos.

A proposta previamente consistía en varias actividades, por un lado traballar co libro de Antón Cortizas, padriño da biblioteca, “Adiviña esta adiviña”; e por outra parte, elaborar un marca páxinas mediante técnicas de papiroflexia acompañado de mensaxes para animar o fomento da lectura.

Dado que as actividades propostas tiñan certa flexibilidade, permitindo así adaptalas á idade e circunstancias do grupo, o resultado logrado nos diferentes cursos foi diverso e enriquecedor.

Na etapa de educación infantil ademais de realizar uns marca páxinas co nome “os monstros comecontos”, tiveron a idea de que cada neno e nena elaborase unha flor, concretamente unha rosa, con material reciclado.

Na etapa de primaria, todos os cursos realizaron uns marca páxinas mediante a técnica de papiroflexia, tamén chamados “monstros comecontos”. Mediante esta actividade desenvolveron a súa creatividade, xa que cada alumno elixiu as características do seu particular monstro. A outra parte da actividade, consistía en inventar e escribir un lema fomentando a lectura. Nalgúns niveis decidiron escribilos no interior ou parte traseira do marca páxinas, mentres que noutros elaboraron unhas tarxetiñas nas que plasmaron estas frases, servindo de alimento para os monstros. Algúns exemplos dos numerosos lemas resultantes son estes: se queres saber ponte a ler; ler é soñar cos ollos abertos; cada libro é un mundo enteiro; o papel hai que aproveitalo lendo; a lectura fai ao home completo; a lectura ábrenos as portas do mundo; para ser un bo lector convértete nun rato de biblioteca; un

menor que lee será un adulto que pensa; mentres máis leas máis cousas saberás, mentres máis saibas mais lonxe chegarás; se queres aventura, mergúllate na lectura; ler e imaxinar un mundo que só ti podes ver

En canto á segunda actividade, relacionada co libro de Antón Cortizas “Adiviña esta Adiviña”, o resultado foron dous tipos de produtos distintos. Por un lado unha selección de adiviñas escritas e ilustradas polos diferentes rapaces e rapazas, e por outro, diversos vídeos de estas adiviñas recitadas con ilusión polos nosos alumnos. Algúns grupos ilustraron a solución da adiviña e outros ocultárona, debuxando só algo relacionado co texto, deixando así máis oco para a reflexión. Por último, en relación cos vídeos, tamén hai certas variacións. Algúns son feitos individualmente, mentres que outros son verbalizados por parellas, grupos de tres, ou entre toda a clase.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1832>

▪ **XXI CERTAME DE POESÍA E IMAXE**

Un curso máis o alumnado de 5º e de 6º participou nas actividades do certame proposto pola equipa de Normalización lingüística do Concello de Ferrol.

Cada alumno fixo un debuxo ou traballo e dende o claustro do centro elixiuse un deles para participar no certame. Adxuntamos o enlace ao documento cos poemas seleccionados.

[https://drive.google.com/open?id=1-](https://drive.google.com/open?id=1-AdFDvghywQO2AflqXy01JiC6REIM279&authuser=profesisaacperal@gmail.com&usp=drive_fs)

[AdFDvghywQO2AflqXy01JiC6REIM279&authuser=profesisaacperal@gmail.com&usp=drive fs](https://drive.google.com/open?id=1-AdFDvghywQO2AflqXy01JiC6REIM279&authuser=profesisaacperal@gmail.com&usp=drive_fs)

▪ **LETRAS GALEGAS 2021**

A Semana das Letras Galegas do ano 2021 están dedicadas a escritora Xela Arias. Este curso propuxéronse diversas actividades para levar a cabo nas aulas:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1835>

Ademais, desde o equipo de Dinamización sa Lingua Galega propuxéronnos traballar con lema “*Non confines o galego!*”. E partindo del, buscamos palabras bonitas, ben soantes, que nos acheguen á natureza limpa, coidada e feliz.

Volveremos a coller as caixas que decoramos a comezos do proxecto e enchémolas con este lema e todas as palabras que o acompañan.

3.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Peraliño emprendeu unha viaxe e ao longo da mesma decatouse dos múltiples problemas que presenta o medio ambiente ao longo de todo o planeta. Nun momento de fortes transformacións

que están a danar o medio natural é importante e imprescindible impulsar e fomentar ideas sostibles que busque solucionar os problemas que temos na nosa contorna.

Despois de percorrer o mundo, Peraliño chega cargado de información para axudarnos a investigar, afondar e reflexionar.

Unha vez iniciado o proxecto mediante a actividade explicada ao principio da memoria, o resto de actividades dividíronse segundo os contidos seleccionados para traballar en cada trimestre, polo que explicaremos as actividades levadas a cabo con esa mesma secuenciación.

Así, **no primeiro trimestre**, nunha primeira etapa do proxecto o obxectivo foi concienciar sobre a situación na que se atopa a natureza ao longo de todo o planeta, contaminación, deforestación, desertización, extinción de especies animais e vexetais... Xunto coa carta de Peraliño e a presentación de imaxes, chegaron as nosas aulas unhas caixas cheas de lixo. A proposta inicial da nosa mascota era transformar esas caixas cheas de lixo por caixas cheas de natureza; así como reflexionar sobre a actuación dos seres humanos nestes casos, sinalar aquelas accións que son beneficiosas para o medio natural e recoñecer aquelas que son todo o contrario, que prexudican. O resultado o podemos ver nas seguintes fotografías.

Aos poucos días, Peraliño enviounos outra sorpresa, volvía a ser unha caixa, pero neste caso non estaba chea de lixo, estaba repleta de libros. Estes libros servíronnos como guía e recurso para avanzar nas nosas investigacións, para reflexionar sobre as nosas accións, para gozar coa lectura e a ilustración.

Aquí temos o enlace a actividade na páxina web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1811>

Na Etapa de Educación Infantil comezamos a investigar sobre o medio natural, en concreto sobre as árbores. Aproveitamos o noso contorno máis próximo, o patio do noso colexio, para observar as árbores, as súas partes e características. Comezamos a busca da información, identificamos os seus nomes, relacionamos froitos, follas. Fixemos experimentos para ver como crece unha semente, a necesidade de auga e luz para crecer ou como transportan a auga a través dos capilares.



Na etapa de Educación primaria, comezamos falando do tema cos nenos para partir dos seus coñecementos previos mediante unha choiva de ideas. Logo centrámonos principalmente nos beneficios que trouxo o illamento producido polo covid para o medio ambiente en xeral, tanto na vida terrestre como na marítima, vendo algúns vídeos de animais nas cidades valeiras e tamén unha presentación de powerpoint feita por un dos colaboradores da biblioteca (anexamos o enlace)



A partir disto realizamos a actividade xa mencionada de modificar as caixas vellas con lixo en caixas decoradas con imaxes e mensaxes a favor do coidado do medio ambiente coma metáfora do que se pode acadar reciclando.

No segundo trimestre, continuamos avanzando no noso proxecto.

En Educación Infantil seguimos inmersos no estudo das árbores, centrándonos na a necesidade de coidar o medio natural, a importancia das árbores na nosa vida, afondamos sobre os seus beneficios, todo o que as árbores aportan. Tamén analizamos as accións que realiza o seu humano e que prexudican gravemente a natureza: prender lumes, tirar lixo, talar árbores...

Toda a información recompilada a través destes dous trimestres plasmámola nun libro de lapelas. Cada nena e neno elaborou o seu propio libro.



Nos cursos de primaria, aproveitando o contido das novas caixas cheas de libros con información sobre o tema, debatemos sobre os problemas medioambientais. A partires de aí, fixéronse debuxos, contos, traballos diversos, murais que os expuxeron na clase etc. Unha mostra dalgúns pódese ver na exposición da biblioteca sita na entrada principal do colexio.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1834>

Xa **no terceiro trimestre**, na etapa de Educación Infantil mergullámonos nun novo proxecto, neste caso o foco de interese son as esculturas, partindo de materiais de refugallo, potenciando a súa re utilización. Para o seu desenvolvemento potenciamos a colaboración familia escola: solicitamos que aporten materiais de refugallo que teñan nas súas casas, propoñémoslle que visiten diferentes esculturas da nosa cidade e realicen fotos alí, para poder realizar un mural nas aulas.



Tamén traballamos o fondo do mar e a súa conservación. Partimos do conto “*¡Alguien se ha tragado a Lola!*” e reflexionamos sobre a situación, falamos das praias, de se cando as visitamos atopamos lixo na area ou na auga... reforzando a idea de non deixar ningún desperdicio tirado, e se non hai papeleiras debemos gardar o lixo e levalo para a casa. Convertemos a entrada do centro nun fondo do mar limpo, cheo de cor, xa que para a súa realización inspirámonos nas instalacións da artista Yayoi Kusama.

En educación primaria, seguindo coa temática do mar, decoráronse unhas cunchas, desenvolvendo a imaxinación e creatividade do alumnado, para concienciar sobre a importancia do coidado do ecosistema mariño.



Por outro lado, fíxose un gran mural con animais mariños elaborados con material de refugallo, que levan escrito unha palabra do decálogo do coidado do mar.

Finalmente, algúns cursos escribiron un conto sobre as consecuencias da contaminación da auga e as posibles solucións, xuntando as aportacións de todos os compañeiros. O conto seleccionado aparecerá recollido na revista do colexio, coa finalidade de concienciar a toda a comunidade educativa sobre a importancia do coidado do ecosistema mariño e da aplicación das tres R (reducir, re utilizar e reciclar). Aquí axuntamos o enlace deste conto “O exército das Sardinelas”:

https://drive.google.com/open?id=1-1iQYYOISX27HoJhTbhG7UymxPVwX&authuser=profesisaacperal@gmail.com&usp=drive_fs

4.- MATERIAIS PRODUCIDOS

Ao longo do curso, como parte das actividades ou como produtos finais das mesmas, elaboráronse no centro os seguintes:

- A guía de lectura de Nadal, incluído nun tríptico.

- A páxina web do centro, que se actualiza con toda a información das actividades e se complementa con bancos de fotos dos diferentes traballos realizados.

- Os enlaces a contos existentes na rede, a través dos cales invítase á lectura:

<https://sites.google.com/site/mislecturasenred/>

- Os materiais divulgativos da información da biblioteca.

- As diversas exposicións dos traballos relacionados co proxecto de “Peraliño e o medio natural”, como murais, carteis, debuxos, maquetas, libros de lapelas...

PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2020/2021

A lectura, ademais de sentila como un pracer, debemos pensar que é o medio a partir do cal adquirimos gran parte dos mecanismos de aprendizaxe que nos axudan ao desenvolvemento da intelixencia e da convivencia cos demais.

Por tanto, a escolla de textos e de actividades de dinamización lectora ten como finalidade:

- O fomento do hábito lector.
- A utilización das bibliotecas.
- A formación integral do noso alumnado.

▪ **OBXECTIVOS**

- Aprender a facer unha lectura reflexiva, interpretando e comprendendo textos de índole variada (novela, teatro, poesía, cómics, xornais, documentos...) e en soportes diferentes (impresos e electrónicos).

- Adquirir un vocabulario amplo, servíndose do manexo do dicionario para resolver dúbidas.

- Mellorar a ortografía.

- Adquirir unha boa fluidez, lendo en voz alta, aprendendo a pronunciar con claridade e a modular a voz, sen perder a comprensión do texto.

- Aprender técnicas para unha mellor expresión oral e escrita.

- Saber buscar información en diferentes soportes, comparar e extraer os datos necesarios.

- Lograr que sexa a lectura un elemento de gozo persoal.

- Incorporar as novas tecnoloxías como novas fontes de información, aprendendo a utilizalas e analizar os datos con espírito crítico.

En definitiva, coa lectura preténdese mellorar as competencias lingüísticas do alumnado.

▪ DINAMIZACIÓN LECTORA

A biblioteca do centro

Este curso a biblioteca do centro atópase aberta durante todo o período lectivo, pero sen un horario no que cada grupo aula ten a súa disposición, xa que debido a situación provocada pola pandemia considerouse que non era o máis axeitado. Para suplir esta falta de visitas á biblioteca, os mestres seleccionan libros e recursos necesarios para a preparación de traballos de investigación e para a lectura por pracer. O Equipo de Biblioteca axuda na busca de textos axeitados a ditas actividades.

A biblioteca de aula

Cada aula dispón de lecturas apropiadas á súa idade que permanecen dun xeito fixo na mesma, así coma outras lecturas itinerantes que van nas caixas viaxeiras ou aquelas concretas que se fixan con motivo da celebración dunha data ou relacionadas coa temática do proxecto.

Queremos que o noso alumnado ame a lectura, por iso desenvolvemos actividades que lles poidan resultar atractivas. Para este curso levamos a cabo as seguintes:

- **Hora de ler**, todos os días da semana, durante 20 minutos nos que se fan dende lecturas individuais, dirixidas, colectivas (libros fixados no itinerario lector), ata diferentes actos programados pola biblioteca.

- **Páxina web**, na que se reflicten todas as actividades feitas ou próximas a facer, aconsellándose lecturas relacionadas.

- **Lectura na rede**, séguense a manter as liñas de actuación de cursos pasados (lecturas on-line). Realízanse traballos de investigación a través de páxinas webquest, blogues, etc.

- **Encontros con escritores/as, ilustradores/as e escultores/as da localidade**, este curso non foron posibles pola pandemia.

- **Actividades lúdicas e creativas**: xogos de rimas, adiviñas, facer marca-páxinas...

- **Busca e aportación de recursos** para a programación e realización das actividades de todas aquelas festas sinaladas, tanto programadas pola biblioteca como polos demais equipos dinamizadores: Magosto, Nadal, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas,...

- **Implicación das familias:** este curso, as familias participan en menos actividades ca outros anos, debido á situación da pandemia. Procuramos fomentar a súa participación na medida das posibilidades, a través en actividades que motivan e fomentan a lectura, coma os retos lectores, pequenas investigacións...

▪ **ITINERARIO LECTOR**

Ao longo do curso, en todas as aulas trabállase con libros de autores e autoras próximos a nós, sobre todo que teñan relación co proxecto deste ano.

▪ En Educación Infantil trabállase acotío a motivación pola lectura, presentando e léndolles os libros que vaian sendo adquiridos pola biblioteca para a súa idade. Ademais, tamén trabállanse aqueles relacionados coas temáticas dos proxectos que se leven a cabo.

Créase así un vínculo de motivación cara a lectura nas aulas que entusiasman a pequenos e grandes.

▪ En Educación Primaria, xunto coas actividades de dinamización, escolleremos o libro do padriño da biblioteca, *Adiviña esta adiviña*, de Antón Cortizas, elaborado coa colaboración de alumnado do centro en cursos anteriores.

Habitualmente, tentamos sempre que gocen coa escoita e representación dalgunha compañía de contacontos, pero este curso realizouse en streaming ou online.

A guía de recomendacións de Nadal incluíuse no Tríptico de Nadal, que foi repartido e colgado na web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/system/files/Tr%C3%ADptico%20Nadal%202020.pdf>

LECTORES EXPERTOS

Nena e o mar - Érica Formosinho - Ed. XERAS
 Porto Saino é unha vila marítima na que todos os seus veciños habitantes pertencen a esperanza. É o último home novo da vila, segue a súa vida e diario mentres detén a Nena, a súa filla e oña de saí, na cidade dos habitantes da vila esperada.

Xelis, o petróleo das botellas do mar - Rosa Anadón/A.Moraleda - Ed. XERAS
 Cando Xelis descubriu aquela botella de mar na praia máis afastada da Punta de Traballo, decatouse de que algo extraordinario acababa a pórtese de acontecer. Unha gran mancha de petróleo, que sempre era máis gorda, tocábase de en amurar a illa de Oler, e pouco en perigo os seus habitantes. Os grandes galeiros da natureza non saben como actuar. Xelis inicia entón unha arriesgada viaxe...

El asistente del profesor de matemáticas - Jordi Sierra Fábreg - Ed. ANAYA
 Un profesor propone a sus alumnos un juego como matemático para aprender las matemáticas. El viernes por la tarde, el profesor muere, pero antes de fallecer, comenta a sus alumnos que el libro que hay en su botella les indicará cómo buscar a su asesino. No deben fallarle...

ESCARBATAINA la cocinera cadáver - Lucía Fontán - Ed. ANAYA
 Un día la campesina coincide con el día de los Muertos, prepárate para una sorpresa mortal. Es en la que le ocurre a Rosalía, Casca, que manda con ser un prestigioso chef y pide un plato de cocina por su delicioso adobo. En su lugar recibe un plato negro con las instrucciones para actuar a Escarbatina, una cocinera del siglo XIX y su lazoapareada Lady Recreat, una escarbatina azul con acento francés

A NOSA GUÍA

Por unhas navidades máis sostíbeis. Bo Nadal!

Guía de Lectura Nadal 2020

Biblioteca "Antón Cortizas"

CEIP ISAAC PERAL

Coidado do planeta: de man en man!

Para coñecer a nosa biblioteca vixíade a nosa PÁXINA WEB
<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal>

Non atopades máis de CONTOS E ACTIVIDADES

Non esquecevos de visitar a nosa illa "QUE LEMOS!"

onde están os libros recomendados para o Nadal e Paz e Verán...

Tamén poderdes LER NA REDE ou visitar a nosa BIBLIOTECA VIRTUAL

PERALÍÑO xa ten correo electrónico por se lle queredes enviar suadicións
bibliotecaosceipal@gmail.com

PRELECTORES

OTO PATOS - Ana Melán/Inés Desirée Aranchía - Ed. entre muros y cuentos
 ¿Pueden cambiar a destino? Un libro para leer en voz alta. Un libro para leer en voz alta. Un libro para leer en voz alta. Un libro para leer en voz alta.

CHORDO COA CHUSCA! - Emilio González Urberraga e José Carlos Román - Ed. BUBUÑO
 A nosa charca é un sitio singular. Un momento de sangue galego: moito per... un, dúas tres... ¡plaf! que ocorre na charca?

ALGÚEN SE HA TRAGADO A LOLA! - Sarah Roberts - BUBUÑO editorial
 Lola es una ballena de plástico que flota incógnita en el mar. Varios animales se la intentan tragar hasta que una tortuga, que nada asociada hasta entonces la juega.

ANO QUEIRO O CABELO RIZADO! - Laura E. Anderson - Ed. PICARONA
 NOY! No quiero tener este nombre en el cabello RIZADO! Desde capullo a libro, y hasta galego RIZADO! ¿Cómo puedo acabar con estos rizados locos? Un cuento con dibujos para aprender a querer y valorar lo que tenemos. Y sobre el cabello, saber mantenerlo y mantenerlo de cabello...

A veces mamá tiene truenos en la cabeza - E. Taboada y D. Padellón - Editorial Algar
 Un relato que nos ayuda a entender cómo funcionan las emociones y a disfrutar de ellas. A veces mamá habla muy alto y con los dientes juntos, a veces tiene truenos en la cabeza, se le olvidan el almuerzo y seguimos tarde a los comensales.

PRIMEIROS LECTORES

UNHA FABRICA DE BICOS - María Casca - Ed. XERAS
 A Nena non se puxo os bicos. Non sequera un pouco, a pesar de recibilos. Ela pode ser a mamá de que non os des. Quíxase si os quíxase non. Pódese agradecer a dar bicos? Estas vacas máis que os fabrica dentro de idos e os fa saber a través dos bicos? Como e cando se puxen a funcionar?

ALCALDES VARELLA - Ed. XERAS
 Un misterioso personaje chegou á fraga. Alí crece o rumor de que é o mensaxero xunto da lampada maravilhosa, así que os habitantes do lugar deciden reunirse para facer unha busca de perfición. Carapalúa Varellada, que está a encargada de falar con el non pode nin imaxinar que estará nos seus propios muros, e nos dos outros personaxes do conto, a gobernanza de facer do bosque un lugar melhor.

EL EMOCIONÓMETRO DEL INSPECTOR DIEGO SUSANA DIEZ - RUBEDO EDICIONES
 Diez emociones, diez EMIS para ayudarnos a entenderlas. Y por supuesto nuestro detective favorito. El Inspector Diego! Él nos ayudará a utilizar el EMOCIONÓMETRO que nosotros mismos podemos fabricar para hacer girar la rueda de las emociones. Y saber qué sentimos.

UN BAILO LLENO DE PERILAS - ANA ROSSETTI - Santillana LOQUELEO
 En el trastero hay un viejo baúl lleno de cosas increíbles. Poco a poco, Cuba, Galá y Muna Manualidades usaron su imaginación para convertirlo en un baúl mágico y vivir una estupenda aventura en los mares del Sur de la isla del tesoro.

LECTORES AUTÓNOMOS

O segredo da Illa Negra - Agustín Fernández Paz - XERAS
 Sare vive moita alegría da beiramar: coñece a praia e é como membro de vida. Un día os barcos comen a ver barcos. Os barcos non se preocupan da Illa Negra, onde habita unha criatura chamada Ural, o irmán de Sara, vai botar as redes ansas negras e así, cas promesas de Sara, Estás Sara decide sempre ata a illa para liberar a Ural, así como unha das tres lagoas máxicas.

INVENTARIO DE ANIMAS - Virginia Albaladejo - KALANDRANA Editora
 Nacemos sobre un conto de exemplares de fauna representativa de todo o mundo. Carro, vertebrados, invertebrados, aves, peixes, anfíbios, réptiles, como invertebrados, que con máis de 50 clases, representan o 95% dos especies animais. De cada un indicamos o seu nome científico e común e engadimos unha descripción que acompaña á ilustración, naturalista e colorada con acuracia.

EL HIJO DEL BUZO - Fernando Lázaro - Santillana LOQUELEO
 Aventuras, humor, intriga y un pequeño libro a modo de Villagra es un pueblo dedicado por entero a la producción de sardinas. Pero hace un tiempo que allí abajo, en el mar, pasan cosas raras. Parece que los coladores están atacados, heridos y su padre, bajo la presión, recibe el encargo de hacer longuera general, y terminará por descubrir un sorprendente y oscuro secreto.

ATLAS DEL MUNDO - Edición PÉRRINA - Alejandra Muletiana, Daniel Muletiana - Ed. Mares
 Esta edición especial 5ª aniversario, ampliada con 20 mapas, es un viaje aún más fascinante. Seguirán las huellas vívidas de Dinamarca, encontrando puntos en la veta del Congo y concretos a los molinos más famosos de Cuba. Los pequeños puntos de luz o arquitectura tradicional de Corea del Sur. Admirarán la diversidad del mundo y descubrirán sus florecer más interesantes.